BIBLIOTECA ESCOLAR

MEMORIA ACTIVIDADES CURSO 2012 / 13

PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

8º convocatoria (orde de 26 de abril de 2012)

Índice

1.-CUMPLIMENTO DOS OBXECTIVOS ... 3

2.-HORARIO DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA ... 4

3.-ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS ... 4

3.A-ESPACIO FÍSICO, EQUIPAMENTO, RECURSOS E FONDOS ... 4

3.B-CATALOGACIÓN, ORGANIZACIÓN DOS FONDOS ... 6

3.C.-ORGANIZACIÓN E HORARIO DE APERTURA ... 7

3.D-FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL... 8

3.F-PUBLICACIÓNS ... 10

3.G-ANIMACIÓN E FOMENTO DA LECTURA ... 12

3.H-PROXECTOS DE AULA E CENTRO... 23

3.I.-DIFUSIÓN DE NOVOS MATERIAIS ... 33

3.J.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ... 34

4.-IMPLICACIÓN CENTRO E COMUNIDADE EDUCATIVA ... 35

5.-INTEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NOS PROCESOS DE ENSINO-APREND. ... 35

6.-ACTIVIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO ... 36

7.-PRODUCIÓN DE MATERIAIS ... 36

8.-AVALIACIÓN DO PROXECTO ... 37

9.-PREVISIÓNS DO FUTURO ... 39

1.-CUMPLIMENTO DOS OBXECTIVOS

Sendo o terceiro curso dende a nosa incorporación ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares da Consellaría de Educación e O.U., seguemos a reflexionar sobre esta andaina que emprendemos con tanta ilusión. Precisamos analizar o nivel acadado na consecución dos obxectivos propostos, os problemas xurdidos, as solucións implementadas, a colaboración e a implicación do alumnado, profesorado e familias... e todos aqueles aspectos que nos permitan avaliar o acontecido, empregando esta avaliación como ferramenta de cambio e mellora de plantexamentos e actividades de cara a cursos posteriores.

Como sempre nos sucede, o proxecto presentado foi demasiado ambicioso en canto aos obxectivos a alcanzar e sobre todo en canto ás actividades previstas. Todas elas parecíannos moi interesantes pero logo, no día a día, houbo que reformular, pospoñer e incluso substituír por outras iniciativas máis axeitadas nese momento.

A valoración global é moi positiva, a maioría dos fins propostos foron acadados e desenvolvidos con éxito. Houbo algunha actividade que foi imposible realizar por falta de tempo, por un exceso de actividades ou foi reemprazada por outra opción que xurdiu con posterioridade ao peche do proxecto. Todo non se pode controlar nunha situación tan complexa e na que interveñen tantos factores e tantos axentes. Hai oportunidades que son imprevisibles pero que non deben deixarse pasar aínda que non estiveran na programación inicial.

Un factor importantísimo que permitiu o desenvolvemento deste proxecto foi a estreita **colaboración** que houbo coa **equipa de dinamización lingüística, a equipa tics, a comisión de actividades complementarias e a dirección do centro**.

Todos estes grupos fixeron seus os nosos obxectivos e as propostas provintes da biblioteca, apoiando en todo momento as nosas iniciativas, ao mesmo tempo a biblioteca apoiou as proposicións destas equipas. Este aspecto foi esencial e indispensable para que puidera levarse adiante este proxecto. Conformouse unha liña de traballo común que foi moi ben acollida por todo o profesorado e alumnado e fainos ser optimistas de cara ao futuro da biblioteca e proseguir con ganas e ilusión este plan nos vindeiros anos.

2.-HORARIO DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA

A encargada da biblioteca escolar, Belén Gómez Flores, dispuxo, ao longo deste curso, de catro horas semanais no seu horario para a coordinación deste servizo e a realización das tarefas propias da biblioteca.

Completando a dedicación da encargada, asignouse no horario de dous profesores do centro horas de dinamización da biblioteca. Cada unha destas persoas contou con dúas horas para adicarse ás tarefas de rexistro e promoción da lectura. A coordinadora da equipa de normalización destinou tamén as súas horas de dinamización na realización das tarefas conxuntas entre a biblioteca e esta equipa.

3.-ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

3.A-ESPACIO FÍSICO, EQUIPAMENTO, RECURSOS E FONDOS

Continuamos no noso intento de facer da biblioteca un lugar máis atractivo, cómodo e suxerinte e grazas á dotación económica asignada nos orzamentos do centro, adquirimos un armario alto con portas pechadas para o almacenamento dos novos materiais bibliográficos, dende que son recibidos no centro ata que se cataloguen en Meiga e se preparen (tejuelos, etiquetas..) para a súa colocación nas estanterías.

Tamén puidemos remodelar a zona da mediateca e de Inglés ao mercar unhas estanterias baixas con rodas. Un lado destos estantes foi construído á medida para a colocación de DVDs e CDs, intentando aproveitar o espazo ao máximo.

Continuamos coa renovación dos *fondos* da biblioteca coa adquisición de moitos materiais: bibliográficos e audiovisuais. Seguimos priorizando a compra de fondos documentais e informativos, debido ao desequilibrio entre materiais literarios e informativos existentes na nosa biblioteca. Queremos tender á distribución recomendada de 60% en fondos de información e 40% en fondos de literatura.



Tamén intentamos que as novas adquisicións foran compensadas en canto á linguaxe e atopámonos coa escaseza de materiais informativos en galego. Cos materiais de ficción non tivemos este problema xa que a oferta nesta lingua é máis ampla e variada.

Co aumento dos fondos, ao final do primeiro trimestre, tivemos que variar a colocación do espazo aos "primeiros lectores" o que nos obrigou tamén a recolocar os libros informativos. Aproveitamos para renovar os carteis destas zonas.

Este curso fixemos o inventario de todo o material (mobiliario e equipos) rexistrándoo en Xade.

Renovada sección de Inglés

No segundo trimestre estrenamos unha **renovada sección** dos materiais en **Inglés** coa incorporación dos fondos da sección bilingüe que estaban ser catalogar.

Os libros están clasificados segundo a súa temática e para identificalos mellor, cada un ten unha cor diferente.

Podedes atopar materiais de **"Arts & Crafs"**, **"Science"**, "History & Geography", "Dictionaries", **"Comic"** e lecturas de ficcíon clasificadas segúndo o nivel lector **"1st Cycle"**, **"2nd Cycle"** e **"3rd Cycle"** e unha zona especial de Eric Carle!

Libros para ver e tocar

As novas adquisicións expóñense na entrada do colexio, moi preto da biblioteca ou nun lugar destacado dentro da mesma. O obxectivo é captar a interese dos nosos nenos e nenas polos novos materiais e estimular o seu achegamento á lectura.
Estas novidades permanecen ao longo dunha semana na mostra para que o alumnado e profesorado as coñeza, pasando logo a formar parte dos fondos da biblioteca.

3.B-CATALOGACIÓN e SERVIZO DE EMPRÉSTITO

Continuamos co rexistro e catalogación dos novos fondos a través do programa Meiga. Contamos na actualidade cun fondo de 7.770 Volumes. Un incremento con respecto ao curso pasado de 1.000 volumes.

Quédanos pendente completar o rexistro dos materiais das bibliotecas de aula.

Ao comezo do curso ofreceuse aos titores o rexistro e catalogación dos materiais de aula. Houbo compañeiros que aceptaron esta proposta e que trouxeron os seus fondos

para rexistrar. Logo, os materiais que levaron ás súas aulas quedaron como empréstitos de aula. O próximo curso volveremos a ofertar o rexistro dos materiais de aula para, pouco a pouco, ir centralizando todos os fondos do centro na biblioteca.

Actualizamos ao comezo do curso os lectores, dando de baixa ao alumnado e profesorado que marchou do centro e ingresando no programa como lectores aos novos alumnos e profesores. Preferimos facelo de xeito manual , sen enviarlle a base de datos ao "soporte Meiga" para que deste xeito os lectores mantiveran o mesmo número de lector que no ano anterior.

O servizo de empréstito e devolucións, a través de Meiga, o levaron a cabo os profesores de garda nos recreos da biblioteca. Os titores (tras unha pequena formación para os profesorado novo no centro) foron quen de facelos e aínda que ao principio houbo algún que outro problema, axiña resolvéronse e agora mesmo fanse os empréstitos/devolución sen apenas incidencias.

Temos un libro de incidencias, no que os profes poden anotar os problemas ou atrancos que se atopen no servizo de empréstito e logo a encargada da biblioteca revisa este libro e realiza as accións necesarias. Está funcionando moi ben este sistema, xa que o número de profesores no noso centro é elevado e resultaba difícil a comunicación entre nós dos pequenos incidentes que xurdían no día a día.

3.C.-ORGANIZACIÓN E HORARIO DE APERTURA

A biblioteca está aberta toda a xornada lectiva, cada clase ten reservada unha sesión semanal de uso deste espazo. Tamén o alumnado pode acudir a ela nos recreos, tanto da mañá (12:25 A 12:55) como da tarde (15:30 a 17:30h). O tempo que a biblioteca permanece aberta é baixo supervisión do profesorado.

Nas horas non reservadas empregouse este servizo polos diferentes grupos de xeito ordenado.

O servizo de empréstito de material desenvolveuse no recreo da mañá e do comedor ou cando o alumnado acudía a este espazo coa súa titoría, entón o/a encargado/a de rexistrar os empréstitos foi o/a titor/a, nos outros momentos era o profesorado de garda.

As normas de emprego e funcionamento da biblioteca están recollidas no RRI do centro. (*Anexo 1)*

3.D-FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Sesións para o alumnado sobre a organización, normas e funcionamento da biblioteca

No primeiro trimestre realizamos sesións de formación para o alumnado. Catro profesoras da equipa da biblioteca participaron nesta actividade e foron as encargadas de guiar e titorizar esta actividade. Todo o alumnado, dende infantil de tres anos ata sexto de primaria, tivo unha sesión de formación na que, co apoio dun recurso dixital Lim, introducimos aos nenos na organización da biblioteca e explicamos como é o seu funcionamento e as normas para un uso correcto deste servizo co fin de facer usuarios autónomos. Este traballo tería continuidade nas titorías.

Portas abertas ás familias

Ao longo do mes de setembro e outubro celebramos as primeiras **xornadas de portas abertas** ás familias. O noso propósito foi dar a coñecer as actividades que realizamos , amosar o noso funcionamiento e tamén convidar aos pais e nais a colaborar con nós nas actividades que estamos argallando para este curso. Unha destas colaboracións permitirá editar todos os meses unha *Axenda Cultural* na que recolleremos actividades culturais, deportivas e educativas que teñen lugar na nosa comarca.

Nas xornadas de portas abertas para as familias, ademáis de amosarlles a nosa biblioteca e explicar cuestións sobre o seu funcionamento, quixemos concienciarlles sobre a importancia que teñen eles para fomentar nos seus fillas e fillos o gusto pola lectura e a adquisición de hábitos lectores.

A través dunha presentación se lles deron ás familias uns consellos e recomendacións moi prácticos que agardamos foran utís. A presentación está basada nun documento do Departamento de Educación de Navarra. *(Anexo 2)*

Colaboradores da biblioteca

En vista do positivo que foi nos anteriores cursos, seguimos cos colaboradores: cada día, no recreo da maná, dous nenos axudan nas tarefas propias deste espazo: colocación dos libros, axudar aos compañeiros na busca de materiais, anotar as reservas para O Ciber... O obxectivo é involucrar aos rapaces e que sintan a biblioteca como algo propio, a coñezan e axuden a coidala e a manter a orde.

Cada trimestre renóvanse estes cargos.

Un mar de lecturas

3.F-PUBLICACIÓNS

Guías de lectura

Dende a biblioteca entregouse, ao alumnado e ás familias, unhas recomendacións de lectura para Nadal con suxestións de libros, priorizando aqueles materiais máis novedosos e que considerabamos interesantes, clasificados segundo nivel de lectura.

A final de curso temos previsto editar outra guía de lectura para o verán no que incluíremos lecturas relativas ao proxecto que desenvolveremos o próximo curso sobre "Paises do mundo".

(Anexo 3)

Axenda Cultural

Dende a biblioteca e coa axuda dun grupo de nais decidimos poñer en marcha este proxecto da "Axenda Cultural". O que pretendemos é recoller as actividades culturais, musicais, deportivas ... que acontecen na nosa comarca axeitadas para os nosos rapaces e rapazas.

Sabemos que na educación dun neno son piares esenciais a familia, o colexio, e non menos importante a arte e a cultura, ese mundo onde poden abrir a súa imaxinación...

Está publicada permanentemente na web do cole, nun apartado especial na banda superior azul. Vaise actualizando constantemente e nela cólganse os novos eventos que van sendo anunciados. Os dous primeiros meses de por en marcha esta iniciativa, para publicitala, mandouse ás familias un resumo mensual.

Díptico sobre Roberto Vidal Bolaño

Dentro das actividades realizadas para conmemorar o día das Letras Galegas, entregouselles ás familias información sobre o homenaxeado este curso. (Anexo 11)

Paxina web do centro

Na web do centro http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdepedrouzos/ hai un apartado da biblioteca no que publicamos aquelas informacións relacionadas con este servizo educativo. Intentamos ter as novas actualizadas e que sexa unha canle de comunicación coas familias e con toda a comunidade educativa.



Portal dixital

No centro existe unha intranet á que están conectados todos os equipos das aulas, biblioteca, informática... Dende a equipa TICs deseñouse un portal único para todos eles. Ao abrir un navegador aparece o mesmo escritorio en todos os ordenadores. Dende esta primeira ventá poderemos acceder á intranet ou a internet.

Na intranet , dentro da aula virtual, creouse a través de moodle un curso/modulo para a biblioteca onde colgamos aqueles materiais que poden ser de utilidade para o traballo dos diferentes proxectos que se están a desenvolver. Tamén hai un acceso á galería multimedia do noso servidor onde están aloxados vídeos, animacións e audios. Estes materiais están a disposición de todo o centro de xeito cómodo e rápido.

No apartado de internet existen accesos en liña que consideramos interesantes para os procesos de ensino-aprendizaxe e para a formación dos nosos alumnos: xornais, wikipedia ... e outros de interese relacionados coa biblioteca, como o noso portal do OPAC de Meiga e bibliotecas virtuais.

3.G-ANIMACIÓN E FOMENTO DA LECTURA

Proxecto lector

Este curso desenvolveuse o proxecto lector aprobado no anterior. Ao remate deste periodo, queremos avaliar o seu funcionamento e os resultados que está a ter, debater a súa funcionalidade, principalmente no que atañe á *Hora de Ler*. Neste curso cada titor incluíu na súa programación e no seu horario o tempo para realizar esta actividade de lectura libre. Neste momento por ciclos, nas reunións que lle son propias, estase valorando a posibilidade de facer un cambio e incluír no horario do centro unha nova sesión de 25' despois do recreo na que estableceriamos "A hora de ler" ; o que suporía a implicación de todos os especialistas, ademáis dos titores, nesta tarefa e que de xeito máis formal conseguísemos respectar estes tempos.

(Anexo 4: proxecto lector)

Visita do contador de contos, INACIO VILARIÑO

O día 29 e 30 de outubro contamos co inxenioso contacontos Inacio. Sorprendeunos cunha morea de historias, dándolle un protagonismo especial a un animal que aínda que din chamarlle burro, despois de escoitar a este artista chegamos á conclusión que de burro non ten nada. Fíxonos rir, participar e ata asustar; en fin, de todo un pouco.

Un mar de lecturas

Finalmente asinou algúns dos seus libros. O máis coñecido para os

rapaces era Fábula Galénica, traballado nas titorías e do que Inacio representou unha parte na que tod@s os nen@s participaron moi entusiasmados.

Visita do escritor Joan Manuel Gisbert

Alumnos do segundo ciclo lerán unha das súas obras **El palacio de los tres ojos**. O escritor falou sobre os seus libros e principalmente sobre este último que leron os nenos e nenas. Tamén explicounos como era o traballo de escritor e a súa traxectoria persoal. Ao remate, asinou exemplares entre os rapaces.

Samaín: ciclo de cine de medo

Este curso continuamos cos ciclos de cine no recreo do comedor. Xa vai sendo un clásico para nós o ciclo de películas de medo en torno ás datas do **Samaín.**

Nesta ocasión vimos **Monster House** o día 25 e 26 de outubro, **Bitelchus de Tim Burton** os días 29 e 30 e **Shrek Terrorífico** o mércores 31.

Mochilas viaxeiras

Este curso continuamos con esta actividade en todos os ciclos de Primaria. As mochilas incluían unha escolma de materiais variada (cómic, poesía, inglés, literatura galega/castelán, película..) para que os nenos a disfruten coa súa familia ao longo dunha semana. Tamén incluímos materiais para os país e unha libreta onde cada familia/neno podía facer suxestións sobre esta experiencia ou facernos algún outro comentario.

Film Festival

Ao longo dunha semana de decembro celebraremos na biblioteca un **"Film festival"**. No recreo do comedor proxectáronse películas en Inglés. As películas foron seleccionadas pola profe de inglés para que foran axeitadas e que os nenos e nenas as puideran entender e seguir. Este foi a programación: luns Town mouse, country mouse, martes Goldilocks and the Three Bear, mércores A close shave e xoves A grand day out.

Ciclo de cine "Coeducación"



Dentro das actividades desenvolvidas en torno á conmemoración do día da ***muller traballadora***, realizouse un ciclo de cine sobre a ***igualdade de xénero***, a través de dúas películas queremos promover valores e actitudes de respecto e igualdade entre nenos e nenas. Os pases tiveron lugar na biblioteca do centro, no recreo do comedor.

O Entroido con Lupiña

Lupiña, a mascota da biblioteca, é moi festeira e ao longo da semana do entroido dinamizou está celebración pedíndonos diferentes adornos que tiñamos que traer cada día. Nesta ocasión, Lupiña pousa de serea seguindo o tema deste ano do festival en torno ao Mar

Paula Carballeira

En febrero, **Paula Carballeira** visitou aos nenos e nenas de Infantil e deleitoulles coas súas historias. Unha das paixóns desta contacontos son as viaxes, e dunha realizada por Africa, trouxo historias da tribu Mangala, onde os homes e as mulleres son os mellores contacontos do mundo enteiro. Como ela mesmo escribiu na dedicatoria do seu libro *"OLO-IEPU-IEPU"*, Son contos para soñar e viaxar coa imaxinación.

23 de abril, Día do Libro

Ao longo dunha semana e para conmemorar **o día do libro**, tivemos todos os días **Contacontos** na hora do recreo. Os narradores foron profes do cole e algúns compañeiros xubilados que nos fixeron disfrutar da literatura coas súas narracións.

Os máis pequenos baixaron á biblioteca o día 23 para unha sesión de contacontos realizada por algunhas das súas profes.

Club de lectura

En Abril puxemos en marcha, por primeira vez, o club de lectura da biblioteca. Esta actividade xurdiu por petición dalgúns alumnos do centro. Está pensado para aquel alumnado do terceiro ciclo ao que lle guste ler e queira comentar e intercambiar impresións sobre as súas lecturas. Participan no club 11 nenos e nenas. As reunións foron quincenais e realizanse os luns de 15:30 a 16:30. A guía do club é unha profesora da equipa da biblioteca.

Aínda é cedo para valorar esta iniciativa que queremos continuar o próximo curso xa que nos parece que está a ter moi boa acollida entre os rapaces.

Visita de Salvador Forján

Este ano, estamos a traballar moito sobre "O teatro" debido ao homenaxe que se lle fará a Roberto Vidal Bolaño no día das Letras Galegas.

En abril tivemos a gran sorte de que **Salvador Forján**, técnico de montaxe do **Centro Dramático Galego**, viñera ao noso cole para falarlle aos nenos do teatro dende unha nova perspectiva; Que é o que pasa detrás do escenario? As charlas foron moi dinámicas, xa que Salvador acompañó as súas explicacións con moitos materiais que nos ensinou e que deixou manipular aos nosos rapaces e rapazas, como varios tipos de monicreques, carautas, sombreiros, a maqueta dun escenenario, focos de iluminación, traxes das actuacións ...

O alumnado de Infantil e primeiro ciclo puido coñecer o mundo do teatro dun xeito moi divertido.

E ti, Por que les?

Na semana do día do libro se lles pediu aos nenos e nenas que pensaran e reflexionaran sobre a importancia da lectura. Entregouselles un modelo para que nel indicaran as razóns polas que , ao seu entender, é bo ler. As ideas dos nenos foron entregadas na biblioteca e na entrega agasallouselles cunhas chuches e un marcapáxinas.

Letras Galegas: Ano Roberto Vidal Bolaño

Entrevista a Belén Quintáns

Visitounos **Belén Quintáns** , muller de Roberto e cofundadora da compañía ***Teatro do Aquí.*** Belén respostou ás preguntas que lle fixemos e así coñecimos mellor a este dramaturgo tan vinculado ao noso concello. A súa obra intensa e xenial perdurará ao longo do tempo.

Charla de Ruben Ruibal sobre RVB

Rubén Ruibal, autor e actor teatral, traballou con RVB durante anos e o coñeceuno tanto a nivel profesional como persoal. Estivo no noso centro o día 14 de maio e os alumnos do terceiro ciclo puideron asistir a unha interesante charla na que Rubén lles falou da importancia da figura do dramaturgo homenaxeado.

Roteiro por Santiago e Brión con Roberto Vidal Bolaño

A través deste vídeo queremos visitar os lugares de Santiago e Brión máis destacados na vida do dramaturgo homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Da man de Roberto percorrimos algúns dos lugares que tiveron para el maior significado, persoal ou profesionalmente. Estes lugares pertencen tanto a Santiago como a Brión, concello que o acolleu nos seus derradeiros anos. *(anexo5)*

Vídeo Roberto Vidal Bolaño

Dende a biblioteca, xurdiu a iniciativa de preparar un vídeo biográfico sobre a vida e obra deste dramaturgo. As aulas participantes prepararon unha biografía buscando información a través de internet e os materiais da biblioteca. A biografía foi completada coa información obtida na entrevista feita a Belén Quintáns. Os traballos de cada clase foron postos en común para obter o guión definitivo, base do vídeo. As localizacións foron grabadas en Santiago e Brión e aos alumnos nun estudo que se montou no centro. *(anexo6)*

Teatro "Touporrotou da lúa e do sol"

Unha das obras de teatro infantil máis divertidas de Roberto Vidal Bolaño é **O Touporroutou da lúa e do sol**, " *unha farsada choqueira para actores e bonecos*" , como el a denominaba, que representaron os nosos alumnos.

Alumnos de terceiro fixeron unha versión na que combinan teatro de sombras con personaxes reais. Outro grupo de nenos e nenas de sexto fixo unha representación na que eles mesmos caracterizaban aos personaxes desta comedia.

Nesta historia cóntase a chegada a un pobo dunha compañia de teatro ambulante formada por Catarina de Siena e Ramiro de Blas. Eles representan co seu teatriño **O Touporroutou da lúa e do sol** unha peza, na que de xeito fantástico, explícase como foi o nacemento dos días e das noites, os diferentes disfraces dos demos, cousas de tesouros...

Libro interactivo Roberto Vidal Bolaño

No centro elaboráronse dous libros dixitais con actividades interactivas sobre Roberto Vidal Bolaño. Fixéronse coa ferramenta de autor "Ardora". (anexo 10)

Concurso sobre Roberto Vidal Bolaño

Para conmemorar a Semana das Letras Galegas, o alumnado de 4º de Primaria tivo unha actividade organizada por Noemí Pazó, a nai dun alumno, que contou coa axuda de catro alumnos/as seus do instituto.

Consistiu nun concurso moi entretido, inspirado no programa *Quién quiere ser millonario,* no que houbo preguntas sobre Roberto Vidal Bolaño, distintas probas e no que incluso tiveron que disfrazarse os profesores.

Exposición sobre Roberto Vidal Bolaño

Carteis enviados pola Consellería feitos por un grupo de traballo do Ceip Cadarso de Rianxo sobre a figura deste autor e que foi completada cos traballos do alumnado: Caricaturas, caligramas, biografía,...

Na biblioteca colocouse un estante con materiais deste autor.

Actividades no Centro Polivalente de Brión

Os nosos rapaces participaron nas seguintes actividades de animación organizadas polo Concello municipal:

1º CICLO DE PRIMARIA DÍA 29 DE MAIO

MAQUINARIAS TEATRO "Anacos de Touporrutou da lúa e do sol"

2º CICLO DE PRIMARIA DÍA 15 DE MAIO

TALÍA TEATRO "Pequena"

3º CICLO DE PRIMARIA DÍA 24 DE MAIO

PICAVERSOS "Lectura dramatizada e musicada de pezas teatrais de Roberto Vidal Bolaño"

EDUCACIÓN INFANTIL DÍA 27 DE MAIO

TINKETRINKE "Contacontos"

Festival fin de curso: Migallas

A equipa de actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración coa de Dinamización Lingüística teñen programada unha actuación como festa de fin de curso na que actuará o grupo Migallas: Entre arrolos e contiños.

A través dunha canción que trata o tema da importancia dos contos e da lectura desenrolan toda unha obra de teatro para grandes e pequenos.

3.H-PROXECTOS DE AULA E CENTRO

O Mar: proxecto interdisciplinar de investigación

Dende a biblioteca e en coordinación coa equipa de dinamización lingüística, propuxemos facer un proxecto de investigación este curso, que englobara a todo o centro, sobre o tema do Mar. Nunha reunión con todo o profesorado presentouse esta idea de traballo que foi aceptada por todo o claustro.

Decoración Biblioteca

Para ambientar o proxecto decoramos a biblioteca con redes e tamén dispuxemos de diversos aparellos relacionados co Mar como nasas, remos, rastros, áncoras. Todos estes elementos foron rotulados para que os rapaces e rapazas coñeceran o nome destes aparellos. Na parede exterior de entrada tamén colocamos bandeiras de

sinalización mariña co nome do centro.

10 aniversario do Prestige

Comezamos o proxecto sobre o mar, lembrando o sucedido no ano 2012 nas nosas costas, co fin de crear entre o noso alumnado un sentimento de respecto e valoración dos nosos mares e inculcando hábitos de coidado e protección cara este medio.

Montamos unha exposición na entrada do cole na que se facía un percorrido pola traxectoria do accidente e no que se presentaban as consecuencias sobre o medio ambiente . Tamén expusimos materiais bibliográficos, tanto de ficción como informativos, sobre este suceso. Dende a biblioteca facilitáronse propostas de traballo para facer antes/durante e despois da visita á exposición. *(anexo7)*

Brincaletras sobre o mar

Elaborouse un recurso coa ferramenta Brincaletras de Fran Macias. Este recurso colgouse na intranet para que poida ser empregado por todo o cole.

(Anexo 8 Recurso brincaletras "O mar")

Mergúllate no cine!

No mes de Outubro, na biblioteca do cole, tivemos un ciclo de cine en torno ao **mar**, que é o tema de investigación que nos ocupa este curso. Proxectáronse dúas películas e un documental. As películas foron: "Buscando a Nemo" e a animación galega "De Profundis". "Océanos" de Jacques Perrin foi o espectacular documental que vimos. Cada un dos filmes foi presentado por alumnos/as do centro que nos deron interesantes informacións sobre a película que veríamos a continuación.

Exposición fondos sobre "O mar"

Recopilamos todo o material bibliográfico, gráfico e de proxección co que contabamos na biblioteca. Adquirimos novos materiais sobre este tema e con todo isto preparamos unha exposición.

Un mar de lecturas

Falando do Mar

Daniel Molinos, pai de dúas das nosas alumnas estivo no noso centro para falarlles do mar aos nenos e nenas do colexio en varias charlas. Daniel é biólogo e centrou as súas exposicións na fauna que vive na costa e no mar. Os nenos o pasaron moi ben coñecendo a vida e curiosidades de animais do mar.

Saídas

Museo do Mar de Noia, Praia do Testal e lonxa

O alumnado do segundo ciclo achegouse á vila de Noia a ver O Museo do Mar.

Este museo foi unha idea dun grupo de persoas de mar , que estando xubilados, decidiron facer unha exposición permanente coas donacións de moitas persoas.

Félix, o director do museo, acompañounos á Praia do Testal onde puidemos ver directamente como estaban a traballar os/as mariscadores/as. Incluso puidemos falar con algunhas delas e facerlles preguntas relacionadas co seu traballo. Para rematar a visita entramos na lonxa e vimos a entrada e catalogación do marisco. Foi unha visita moi interesante e moi proveitosa para o alumnado participante.

Museo do Pobo Galego "Pesca": Os alumnos de primeiro ciclo visitaron a sección adicada a pesca e embarcacións tradicionais existente neste museo.

Acuario de A Coruña: Os alumnos de Infantil pasaron o día 20 de maio unha xornada visitando o acuario Finisterrae. Poderon ver en directo algún dos animais marinos sobre os que estiveron traballando ao longo do curso.

Dunas de Corrubedo: Alumnos do segundo ciclo visitaran este ecosistema marino a finais de xuño.

MardeLira: Alumnos do 1º ciclo participaron o día 31 de maio nunhas actividades en torno ao mar organizadas pola cofradía de Lira (Carnota). O título da actividade é **"O canto da Balea**". Os rapaces puideron visitar o porto desta localidade así como as instalacións da cofraría e da lonxa.

Vaidemar

Vaidemar é unha mostra que pretendeu achegar a ilustración infantil e xuvenil galega aos nosos alumnos. Foi emprestada por Galix (asociación galega do libro infantil e xuvenil).

A exposición a compoñían 17 artistas aos que se lles foi encomendado interpretar o mar nunha obra inédita e orixinal. Entre eles podemos atopar obras de *Óscar Villán, Manuel Uhía, Miguelanxo Prado ou Anxeles Ferrer.*

A mostra puido visitarse ata o día 5 de marzo e toda a Comunidade Escolar estivo convidada a facelo. Tamén realizaremos unha actividade de apadriñamento cos nosos alumnos. Cada clase apadriñou un cadro e fixo un traballo literario sobre esa ilustración que se expuso a carón da obra orixinal. Tamén aproveitaremos para facer unha exposición con materiais da nosa biblioteca ilustrados por estes artistas.



CONCURSO "Búscase ilustrador"

Esta actividade realizouse en torno á exposición **VAIDEMAR**, empréstada por Galix, que tivemos a sorte de ter no noso centro. Aos nenos e nenas se lles pediu atopar ao ilustrador/a de cinco obras plásticas pertencentes a algún dos ilustradores representados na mostra. Para o cal tiñan que fixarse no estilo, cores, formas e motivos das ilustracións propostas e atopar similitudes cos cadros expostos. Os premiados foron dez, por sorteo entre os alumnos que acadaron máis acertos.

Entroido

Acordouse que o Entroido deste ano xirara en torno a este proxecto que íamos a desenvolver no cole. Cada nivel escolleu un tema, algún dos disfraces elixidos foron: tartarugas, mariñeiros, mexillóns, piratas...

CHARLA Rubén Faraldo

Rubén Faraldo é o pai de dous dos nosos alumnos de Infantil. Estivo no cole para falarnos da súa **"Aventura no mar Mediterráneo"**. Estivo traballando como biólogo e como mariñeiro en barcos que faneaban neste mar e realizando unha investigación sobre os perigos aos que se enfrontan as tartarugas, a maior parte deles, causados pola contaminación. Amosounos moitas fotografías que recolleu nestas viaxes e coñecimos especies propias deste mar. Tamén explicounos o funcionamento dunha arte de pesca chamada "palangre".

Queda pendiente para o mes de Xuño outra charla de Rubén sobre **Acuicultura**.

O Mar en Feminino

O **8 de marzo**, ***Día da Muller Traballadora***, quixemos salientar o papel que teñen as mulleres no sector laboral da pesca e do mar e darlles visibilidade , recoñecendo a gran labor que están a desenvolver.

Este día, representantes dalgunhas destas mullleres viñeron ao cole a falarnos do seu traballo. Contamos coa presenza de dúas mariscadoras de Noia, dúas redeiras de Malpica, unha bióloga e unha científica marina.

O Mar reciclado

Construímos o noso Mar empregando materiais de refugallo. A única condición que puxemos foi non mercar nada para elaborar o traballo, había que empregar cousas que tivéramos na casa. Todas as creacións estiveron expostas na entrada do colexio.



Os Oficios do mar

Tivemos no colexio a exposición "Os oficios do mar". A mostra foi cedida pola FGCMF (Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial) www.culturamaritima.org

Esta exposición facilita o coñecemento do mundo da pesca a través dos oficios que xenera esta actividade, aportando algunhas pinceladas históricas, etnográficas, económicas, sociais e ecolóxicas en torno a este sector.

Alumnos e alumnas de quinto de primaria fixeron de guías para os seus

compañeiros, amosándolles a importancia da pesca en Galicia como unha actividade laboral que marca formas e xeitos de vida particulares e tradicionais.

Obradoiros de nós e cartas mariñas

O día 4 de maio realizamos dous obradoiros relacionados co proxecto documental que estamos a realizar sobre o mar.

Miguel Torres e Manuel Castro ensinaron aos alumnos do segundo ciclo a facer algún dos maís coñecidos nós como o Chan ou de Envergue, o nó Cabestrinque ou o Ás de guía.

Enrique Blanco e Felíx G. Tuñez amosaron ao alumnado do terceiro ciclo como interpretar as Cartas Mariñas, explicándolles a súa simboloxía e ensinándolles como empregalas para orientarnos e dirixir unha navegación. Ámbolos dous obradoiros captaron a interese dos nenos e nenas por este tema e foi unha iniciación moi práctica e lúdica que lles deixou con ganas de aprender máis.

3.I.-DIFUSIÓN DE NOVOS MATERIAIS

Ao longo do curso houbo tres exposicións dos **fondos** adquiridos, mandouse información aos profesores e invitóuselles a baixar cos seus alumnos a coñecelos.

A primeira foi sobre o teatro, nela expuxéronse libros relacionados co teatro de cara á preparación das actividades das Letras Galegas.

Houbo outra mostra sobre O Mar, cos materiais existentes e outros novos sobre este tema.

A terceira foi unha gran exposición dos materias novos, a selección dos materiais foi realizada pola demanda dos diferentes ciclos e departamentos do cole. A exposición situouse na entrada do cole polo gran tamaño que tiña e para que fora moi visible , poñendo as novidades ao alcance de todos

Intentamos seleccionar materiais de calidade e atractivos que respondan aos intereses e gustos do noso alumnado.

Hai unha ligazón no portal da intranet ao Opac de Meiga para que dende calquera ordenador do centro accedamos facilmente ao noso catálogo e podamos consultar os fondos e o seu estado de empréstito.

3.j.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na elección dos novos fondos, seguimos tendo como criterio que respondan ás necesidades do noso alumnado. Intentamos que "todos" estiveran representados dalgún xeito e que os fondos materiais foran variados e suficientes para dar resposta ás diferenzas individuais entre os nosos chavales. Seguimos intentando suplir a falta de materiais que traten o tema da discapacidade, da emigración ou de outros tipos de familias (divorcios, parellas homosexuais, familia monoparental..).

Dende as aulas de Audición e linguaxe e Pedagoxía Pedagóxica, intentouse facer partícipes aos alumnos que reciben apoio das actividades e iniciativas xurdidas dende a biblioteca. Eles foron os protagonistas dun dos vídeos que se fixeron sobre Roberto

Vidal Bolaño e tamén a eles se lles encomendo a tarefa de facer as presentacións das películas do ciclo de cine sobre o mar.

4.-IMPLICACIÓN CENTRO E COMUNIDADE EDUCATIVA

A acollida recibida por parte da comunidade educativa, familias, concello, profesorado e alumnado ante este proxecto pode valorarse de xeito moi positivo. Dende o principio contamos co apoio das familias, a través de iniciativas individuais, a Anpa do colexio ou a través dos representantes no Consello Escolar. Foi gratificante e estimulante saber que as familias valoraban o noso esforzo por dinamizar ese servizo e contar coa súa colaboración.

A equipa da biblioteca estivo constituída por nove mestres do cole, case un tercio do claustro, o que reflexa a gran repercusión que tivo entre os docentes do centro. Dentro deste grupo houbo representantes dos diferentes ciclos, do departamento de orientación, da equipa directiva e tamén formaron parte os coordinadores da Equipa de dinamización lingüística e do equipo TICs. Tamén é de destacar a gran estabilidade dos membros desta equipa o que repercute no bo funcionamiento deste servizo.

Ademais puidemos contar coa axuda e a boa disposición do resto do claustro cara ás actividades e propostas lanzadas dende a biblioteca.

A resposta do alumnado foi moi boa, tanto na colaboración directa a través dos voluntario que repartidos en grupos de dez por trimestre, axudaron nas tarefas propias deste espazo educativo, como na participación nas actividades propostas, e incorporando na nosa programación suxestións dos propios alumnos e alumnas.

5.-INTEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NOS PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE

A biblioteca ten un papel fundamental na facilitación de recursos que sirvan aos procesos de ensino-aprendizaxe.

No noso centro estase a crear esta dinámica de traballo e vai aumentando o seu uso como centro de recursos para buscar, ampliar e adquirir coñecemento, convertendo a información en "saber". Intentamos ter unha boa colección de materiais informativos e documentais que dean resposta aos contidos propios do currículum de infantil e

primaria e atender aos temas das diferentes áreas. Tentamos dar a coñecer estes materiais entre o alumnado e o profesorado para que poidan ser empregados con fins educativos e de aprendizaxe.

6.-ACTIVIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO

Sesións formativas para o profesorado dentro dun PFPP

Este curso estamos a desenvolver no centro un Proxecto de formación do profesorado, PFPP, no que un dos seus seminarios está vinculado á biblioteca, o seu título **"A biblioteca do centro, dinamizadora da lectoescritura"**
Os obxectivos desta iniciativa foron:

- Coñecer fundamentos para a creación do hábito lector, así como estratexias e procedementos integradores para afianzar nos futuros lectores o gusto pola lectura e pola creación literaria.
- Coñecer outras experiencias ou proxectos de fomento da lectura.
- Dinamizar a biblioteca do centro e da aula.
- Elaborar materiais para o fomento da lectura e da escritura.

A parte das sesións entre o profesorado participante nas que discutimos, analizamos e reflexionamos sobre os puntos anteriores, contamos con ponencias que nos permitiron coñecer experiencias e actividades que se están a realizar noutras bibliotecas escolares con diferentes enfoques e afondar na metodoloxía de traballo por proxectos. Algunhas destas ponencias nas que participou todo o profesorado foron:

- Traballo por Proxectos de Mª José Pousa – EEI Barrionovo (Arteixo)
- A implicación familiar na escola de Sabela Lahuerta Mouriño – CEIP de Vide (As Neves – Pontevedra)
- Traballo por proxectos de Rafael e Cristina – CEIP A Lama (Pontevedra)
- A implicación familiar na escola de Javier Rouco – CPR San Juan Bosco (A Coruña)
- Bibliotecas escolares de Pilar Sampedro (Asesoría Bibliotecas Escolares).

7.-PRODUCIÓN DE MATERIAIS

Os materiais elaborados que podemos enviar dixitalmente aparecen no listado seguinte e recóllense como anexos no cd-rom enviado xunto á presente memoria.

Anexo 1.Normas da biblioteca no RRI

Anexo 2. Presentación: Familias comprometidas coa lectura

Anexo 3. Guía Lectura NADAL

Anexo 4. Proxecto lector

Anexo 5. Vídeo Roteiro por Santiago e Brión de Roberto Vidal Bolaño

Anexo 6. Vídeo sobre a biografía de RVB

Anexo 7. Materiais Prestige

Anexo 8. Brincaletras "O Mar"

Anexo 9. Ardora Roberto Vidal Bolaño

Anexo 10. Libro Interactivo RVB

Anexo 11. Díptico sobre RVB

Anexo 12 Liñas prioritarias de actuación

8.-AVALIACIÓN DO PROXECTO

Imos analizar o grado de cumprimento dos obxectivos propostos no noso proxecto desenvolvido no curso 2012/13. Estes obxectivos foron organizados en varios apartados:

1.-Organización e Xestión técnica

Na renovación dos fondos, intentouse responder aos gustos, intereses e inquietudes de todos os sectores da nosa comunidade, deuse prioridade ao alumnado e quédanos

pendente aumentar os fondos adicados ao profesorado e familias. Tamén precisamos ter unha oferta máis variada de material audiovisual.

Favorecemos a compra de materiais informativos e temáticos, debido ao déficit nos nosos fondos deste tipo de recursos. Aínda non contamos cos volumes suficientes pero seguiremos con este criterio nos próximos cursos, intentando crear unha biblioteca que de resposta ás necesidades curriculares dun centro educativo.

Finalizamos coa catalogación dos fondos que comezamos hai dous anos. Comezamos tamén co rexistro dos materiais das bibliotecas de aula pero deberemos continuar o próximo curso.

O elevado número de alumnado co que conta o noso centro e que segue en aumento, fai que a xestión da biblioteca sexa un tema complexo. É complicado xestionar o uso deste servizo que conta con máis de 470 usuarios. As incidencias son numerosas e a organización de actividades para un número tan amplo é difícil. O número de horas para a dedicación á biblioteca dos membros da equipa son insuficientes o que lles supón unha carga de traballo extra.

2.-Dinamización e promoción dos recursos e a súa integración no tratamento do currículo e no desenvolvemento das competencias básicas del alumnado

Coidamos que contribuímos a que a biblioteca aumentara en protagonismo e relevancia na vida do centro. Xeneráronse moitas dinámicas dende este servizo e converteuse nun elemento de referencia para a maioría do alumnado e profesorado. Este proceso ten que plantexarse a longo tempo e é preciso que nos vindeiros anos se consolide como eixe central das actividades do centro.

Converter a biblioteca nun centro de recursos para a adquisición de aprendizaxe esixe crear dinámicas de busca, discusión e reflexión. Temos que seguir a traballar nesta dirección e amosar aos docentes as posibilidades reais de aprendizaxe que ofrece este servizo para que as empreguen cos seus alumnos. Ao aumentar os materiais temáticos e informativos propiciouse que o profesorado e o alumnado comezarán a empregalos como base, nalgunhas ocasións e noutras como complemento ás actividades curriculares de aula.

Quixemos facer unha "biblioteca integradora" un espazo de todos e para todos é preciso atender nos fondos e na distribución os seus gustos e necesidades e especialmente daqueles alumnos que precisan unha atención educativa individual, derivada das necesidades educativas.

3.-Formación de usuarios e educación documental

En canto á educación documental do noso alumnado fíxose algunha actividade pero non foi suficiente para conseguir lectores autónomos e competentes na busca de información coas estratexias suficientes para a transformación da información en coñecemento. Continuaremos traballando neste senso.

4.-Promoción do libro e da lectura

Houbo unha oferta ampla de actividades que tiveron como obxectivo promover a consolidación do hábito lector e o pracer na literatura, algunhas destas estaban programadas dende un principio e outras foron xurdindo sobre a marcha e levadas a cabo ao considerar que eran interesantes para o noso alumnado, outras foron propostas por outras entidades, dinamización lingüística, Concello,... Tamén houbo algunhas actividades proxectadas como "O recanto do escritor", "cartas de amor e amizade" ou "Padriños e madriñas de lectura" que non puideron realizarse debido á cantidade de actividades que había no momento que estaban planificadas. Algunhas delas serán retomadas no próximo curso.

Un aspecto moi positivo e que axudou na consecución dos obxectivos que nos plantexamos foi a **coordinación** entre os diferentes ciclos e equipas: normalización, extraescolares, Tics e Orientación que foi total. As diferentes iniciativas foron apoiadas por todos estes grupos. Dende a biblioteca tamén apoiamos os proxectos provenientes deles. Entendemos que esta e a única maneira para conseguir que exista un proxecto eficaz e coherente de centro. Tamén sinalar o apoio e a confianza posta en nós dende o equipo directivo que facilitou e promoveu o noso traballo.

Un aspecto a mellorar de cara ao próximo curso son as relacións con outras entidades como outras bibliotecas escolares e municipal, ANPA... A nosa intención será abrir unha vía de traballo e colaboración con eles máis real e efectiva.

9.-PREVISIÓNS DO FUTURO

Pretendemos continuar nesta liña de traballo nos próximos cursos.

Volveremos a presentarnos á nova convocatoria do Plambe e agardamos volver a ser seleccionados para continuar neste proxecto. Grazas a experiencia destes tres últimos cursos faremos unha proposta de actuacións máis axustada á nosa realidade e posibilidades, facendo maior fincapé naqueles aspectos que quedaron máis *descolgados* ou que vimos deberiamos mellorar para acadar os fins propios deste servizo educativo. *(Anexo 12 Liñas prioritarias de actuación)*

Coidamos que a Biblioteca non pode ser plantexada a curto/medio prazo, é un espazo que require consolidarse, facerse un lugar na dinámica dos centros e ir pouco a pouco

aumentando o seu alcance, ata facerse indispensable nos procesos educativos. Os que formamos parte desta equipa tamén precisamos adquirir experiencia e dinámicas de traballo máis efectivas e acertadas. Continuando por este camiño iremos facendo da nosa biblioteca un lugar central da vida do centro tanto en aspectos de aprendizaxe académico, convivencia, dinamización e formación documental.

Director do CEIP Pedrouzos

Asinado: …….....

Brión a 2 de xuño de 2013